



Acompañar as crises na parella: mirando a persoas, non a categorías

Pablo Guerrero Rodríguez S. J.



A Igrexa terá que iniciar os seus irmáns –sacerdotes, relixiosos e laicos– nesta «arte do acompañamento», para que todos aprendan sempre a quitar as sandalias ante a terra sacra do outro (cf. Ex 3, 5). Temos que darlle ao noso camiñar o ritmo sandador de proximidade, cunha ollada respectuosa e chea de compaixón pero que ao mesmo tempo sande, libere e alente a madurar na vida cristiá [EG 169].

As crises matrimoniais afróntanse adoito dun modo superficial e sen a valentía da paciencia, do diálogo sincero, do perdón recíproco, da re-conciliación e tamén do sacrificio [AL 41].

Atribúese a Groucho Marx a frase: «o matrimonio é a principal causa do divorcio». Máis aló do humorístico, esta sentenza ten a súa parte de verdade. Hai matrimonios que, xa na súa orixe, levan a semente do futuro divorcio. E é que hai matrimonios que, simplemente, nunca tiñan que celebrarse; non poucas motivacións para casar son, simplemente, insuficientes e inmaturas. Podemos citar algúns exemplos deste tipo de motivacións que levan dentro de si o xerme do divorcio: medo a que «se nos pase o arroz», sentírmonos sos, querer ter fillos (aínda está mal visto ser pai ou nai solteiros), certa presión social, necesidade de saír da casa paterna, motivos económicos, tradición, crer que o matrimonio vai solucionar problemas que estamos a vivir na nosa relación... Non faltan persoas que casan porque xa levan moito tempo vivindo xuntos e «isto hai que legalizalo», ou porque non quero darlle un desgusto aos meus pais e/ou aos meus avós...